

SEMANA DO 25 AO 29 DE MAIO

Nesta semana ímos a repasar o traballado na sexta unidade do curso, "Ímos de viaxe".

Neste repaso ímos a ver un par de cousiñas que debedes de saber e logo faremos uns exercicios moi fáciles. Ímos alá!

Os medios de transporte

Existen numerosos medios de transporte diferentes. Hai medios de transporte indicados para percorrer distancias grandes en pouco tempo, como é o caso do avión, mentres que outros transportes están pensados para desprazamentos máis curtos, como é o caso do coche, do tren e do autobús.

Os medios de transporte serven para desprazarnos dun lugar a outro e para trasladar mercadorías. Hai medios de transporte individuais, coma o coche, e colectivos, coma o autobús.



Os medios de comunicación



Utilizamos os medios de comunicación para informarnos de que sucede, para comunicarnos con persoas que están lonxe e para entretérmonos.

O ordenador e o teléfono son medios de comunicación.

1. Por onde se desprazan estes vehículos? Escribe.

coche

bici

veleiro

globo

avión

barco

piragua


camión

Pola terra

Pola auga

Polo aire

2. Colorea o vehículo máis antigo.



3. Completa.




Para coller un barco hai que ir _____

Para coller un tren hai que ir _____

Para coller un avión hai que ir _____

4. Escribe o nome de cada vehículo onde corresponda.



Transporte individual ► _____

Transporte colectivo ► _____

5. Para que utilizamos os medios de comunicación?

Marca varias casas.

- Para entreternos.
- Para comunicarnos cos nosos amigos.
- Para trasladarnos dentro da cidade.
- Para informarnos das noticias.